



XESGALICIA, SOCIEDADE XESTORA DE ENTIDADES

**VICEPRESIDENCIA 1ª E CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

XESGALICIA, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión de Tipo Cerrado, S.A.U. (XESGALICIA), ten como finalidade a xestión dos fondos destinados ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos participativos ou préstamos ordinarios a longo prazo a empresas participadas e non participadas. Esta actividade é realizada a través da xestión e administración de diferentes entidades de capital-risco e fondos de inversión de tipo cerrado. Os proxectos obxectivo de cada unha das entidades actualmente xestionadas por XESGALICIA son os seguintes:

- GALICIA COMPITE, F.I.C.C.: O obxecto do fondo é apoiar ao tecido empresarial galego mediante a toma de participacións temporais no capital de empresas galegas ou nas que os seus beneficios redunden directa ou indirectamente en Galicia, ou facilitándolles préstamos participativos ou ordinarios, para a promoción, desenvolvemento e consolidación da economía e industria de Galicia. Ademais, o fondo poderá investir, á súa vez, noutras entidades de capital-risco.

- GALICIA INNOVA TECH, F.I.C.C.: Este fondo destínase ao financiamento de investimentos en proxectos de sinalado carácter innovador, con especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.

- GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, F.I.C.C.: Este fondo oriéntase a proxectos empresariais de semente-arranque, para o fomento do espírito emprendedor e apoio financeiro a iniciativas emprendedoras, así como para o financiamento da rede de aceleradoras públicas da Xunta de Galicia

- SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. As liñas de actuación da sociedade materialízanse en investimentos en empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios e empresarias de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía en Galicia.

- ADIANTE 2000, F.C.R., en Liquidación: Este fondo orientábase á financiación de empresas necesitadas de apoio financeiro e de xestión, se ben actualmente encóntrase en fase de liquidación.

Na actual situación económica, cobran importancia as actuacións encamiñadas a mobilizar recursos para impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, así como o fomento dos principais sectores da economía galega, tendo en conta os obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia para o período 2022-2030.

I.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E3	Competitividade e crecemento

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E3	PA.3.3	Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES , a transición industrial e o emprendemento

O eixo e prioridades de actuación de XESGALICIA, poderían concretarse nos sinalados nos cadros. O obxectivo xeral é a xestión dos fondos encamiñados ao apoio, mediante financiamento, de proxectos empresariais de interese para Galicia, encadrados no marco dos obxectivos específicos de cada unha das entidades xestionadas.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	DESCRICIÓN OBX ESTRATÉGICO/ INTERMEDIO	2023	2024	2025
OE.3.3.1	Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexitimos intereses económicos.	2.592.156	2.513.782	2.409.332
TOTAL		2.592.156	2.513.782	2.409.332

OBX OPERATIVO	DESCRICIÓN OBX OPERATIVO	2023	2024	2025
00.01	Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.	1.173.616	1.119.094	1.061.285
00.02	Consolidación e crecemento de empresas	1.418.540	1.394.688	1.348.047
TOTAL		2.592.156	2.513.782	2.409.332

INDICADOR	DESCRICIÓN INDICADOR	2023	2024	2025	UNIDADES
IR 3.3.1.a	Análise e avaliación dos proxectos	26	27	22	Nº proxectos
IR 3.3.1.b	Seguimento e control das empresas financiadas	131	149	155	Nº empresas

En termos xerais, as principais actuacións levadas a cabo para a xestión das entidades inversoras son as seguintes:

- Análise e avaliación da viabilidade e interese económico dos proxectos empresariais solicitantes de financiamento que, unha vez aprobados polo Consello de Administración,

son obxecto de financiamento por parte dalgunha das entidades xestionadas por XESGALICIA.

- Seguimento dos investimentos e control da situación económica e financeira das empresas destinatarias do financiamento ao longo da duración do mesmo.

A estas actuacións destínanse os investimentos e os gastos do exercicio da entidade. Estímase que o número de proxectos nos que se realiza investimento e a evolución do número de empresas que compoñen a carteira é a reflectida nos indicadores.

I.2. Inversións

○ investimento previsto detállase no apartado Aplicacións: Adquisicións de inmovilizado non financeiro

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
Santiago de Compostela	1.397.898	1.174.258	20.000
TOTAL	1.397.898	1.174.258	20.000

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2023	2024	2025
ADIANTE 2000, F.C.R., en Liquidación	95.056	35.056	35.056
GALICIA COMPITE, F.I.C.C.	1.841.253	1.833.753	1.829.253
GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, FICC	108.376	103.876	103.876
GALICIA INNOVA TECH, FICC	298.507	298.507	298.507
Outros ingresos de explotación	4.008	4.008	4.008
Prestación de servizos: outros ingresos	106.250	100.000	42.000
SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A.	709.705	712.947	716.390
TOTAL	3.163.155	3.088.147	3.029.090

Pola xestión dos fondos de capital risco e de inversión colectiva de tipo cerrado e a administración dos activos da sociedade SODIGA GALICIA, XESGALICIA cobra un canon do 1,5% sobre o Valor Patrimonial Neto no caso dos fondos, e sobre os activos sociais no caso de SODIGA GALICIA, sempre segundo balance auditado do exercicio inmediatamente anterior. Para os anos 2023-2025 a previsión de facturación do canon é a reflectida no cadro anterior.

No fondo GALICIA COMPITE, F.I.C.C. producíronse no ano 2021 e 2022 sendas aportacións patrimoniais por parte do IGAPE por un importe conxunto de 90 millóns de euros, aproximadamente. Este incremento do patrimonio do fondo é o que provoca un aumento no ingreso por canon de xestión a partir do ano 2022 e 2023. A finalidade destes fondos e acometer tres medidas estratéxicas aprobadas nos orzamentos:

- A posta en marcha dun Fondo de inversión público-privado, cunha dotación de 30 millóns de euros.
- Financiar operacións ao abeiro da nova liña de financiamento creada, denominada “Liña de Transformación”, enfocada á transformación empresarial en Galicia, cunha dotación de 30 millóns de euros.
- Financiar novas operacións que permitan profundar na modernización do tecido produtivo galego a través da transformación dixital, a mobilidade sostible ou a transición ecolóxica, entre outras liñas estratéxicas ao abeiro dos novos fondos Next Generation procedentes da Unión Europea, cunha dotación de 30 millóns de euros.

Ademais da comisión de xestión sinalada no parágrafo anterior, a sociedade xestora percibe unha comisión de estudo calculada sobre o importe das operacións formalizadas no caso dalgúns fondos. Este concepto supón unha cantidade non significativa dentro dos ingresos por prestación de servizos de Xesgalicia

Na partida de Outros ingresos de explotación rexístranse ingresos accesorios derivados do subarrendamento dunha pequena parte das oficinas a outra entidade participada pola Xunta de Galicia.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
PROGRAMA DE PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS		48.164	16.054
TOTAL	0	48.164	16.054

Na partida de Outros ingresos de explotación rexístrase a devindicación correspondente á subvención recibida ao abeiro do programa “TR394U. Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas”, concedida no ano 2022, cunha duración de 12 meses, para a contratación de dúas persoas desempregadas ata marzo de 2023.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Nº Empregados	16,04	19	19,5
Custo Total	1.102.093	1.319.666	1.397.898

	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Custo Medio	68.709	69.456	71.687

A estimación de gastos de persoal fíxose seguindo as instrucións ditas pola Consellería de Facenda ao respecto. Igualmente, tivéronse en conta a aplicación de disposicións establecidas no convenio colectivo de XESGALICIA, en particular, os complementos por antigüidade. Durante os últimos anos causaron baixa no cadro de persoal da sociedade varias persoas, permanecendo sen cubrir, na actualidade dous postos. Prevese a cobertura destes postos cara finais do ano 2022, acadando así a cobertura total dos mencionados postos do cadro de persoal.

Outras remuneracións ao persoal

Non hai outros gastos de persoal fóra dos incluídos no punto anterior. O Consello de Administración da Sociedade está formado por sete membros. O seu presidente é o Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Economía, Industria e Innovación. As únicas retribucións percibidas polo Consello de Administración corresponden a dietas. No exercicio 2021 o gasto por este concepto, incluído dentro da partida Outros gastos e servizos, ascendeu a 38.838,88 €.

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024	PREVISIÓN 2025
Arrendamentos	104.573	113.065	122.629	130.699	137.396
Outros gastos e servizos	98.729	110.000	115.500	119.000	122.600
Primas de seguros	58.358	68.000	75.000	77.250	79.568
Publicidade, propaganda e relacións públicas	12.783	30.000	14.000	14.400	14.800
Reparacións e conservación	25.402	32.688	34.322	35.352	36.413
Servizos bancarios e similares	81	200	210	216	222
Servizos de profesionais independentes	314.693	390.000	617.000	518.000	379.000
TOTAL	614.619	743.953	978.661	894.917	769.999

O principal gasto soportado por XESGALICIA por este concepto corresponde aos servizos de profesionais independentes, no que se comprenden fundamentalmente custos xurídicos diversos por reclamacións xudiciais, auditorías, asesoramento legal e fiscal ou "due diligence" de empresas obxecto de estudo, entre outros. A diversidade de sectores das empresas que solicitan financiamento e o incremento previsto da análise de proxectos de sectores de novas tecnoloxías ou de elevada complexidade, así coma en contextos de transformación, fan necesaria -en ocasións- a colaboración de expertos independentes en determinadas materias. Ditas necesidades de asesoramento e análise externo veranse especialmente incrementadas ó longo dos anos 2022 a 2024, período no cal podería con-

centrarse a actividade inversora nacional e europea, sobre todo motivado polas inversións a executar ao abeiro da Liña de Transformación habilitada e os novos fondos recibidos no ano 2022.

A partida de arrendamentos recolle o aluguer do edificio de oficinas a SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A.

Amortización

DESCRIBIÓN	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Amortización do inmovilizado intanxible	2.235	5.641	9.460
Amortización do inmovilizado material	13.089	16.914	20.284
TOTAL	15.324	22.555	29.744

Os activos de XESGALICIA amortízanse empregando un sistema de depreciación lineal en función da súa vida útil, sendo os anos de vida útil estimada para cada categoría de elementos os seguintes: i) Aplicacións informáticas: 4 anos, ii) Mobiliario: 5-10 anos, e iii) Equipos para procesos de información: 4 anos

A evolución esperada responde ao sinalado no apartado de Adquisicións de inmovilizado non financeiro en relación cos investimentos estimados

Subvencións concedidas pola entidade

XESGALICIA non concede subvencións

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

Non se prevé a percepción de subvencións de capital

Achegas patrimoniais

Non se prevén aumentos de capital na sociedade para os exercicios obxecto de estimación

Financiamento alleo a longo prazo

Non se prevé a obtención de financiamento alleo.

Remanente de Tesourería

	2021	2022
1. Fondos líquidos	9.260.469	9.657.306
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	555.116	660.183
Do orzamento corrente	555.116	660.183
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0

	2021	2022
De operacións comerciais	0	0
3. Obrigas pendentes de pago (-)	196.721	258.949
Do orzamento corrente	196.721	258.949
De orzamentos pechados	0	0
De operacións non orzamentarias	0	0
De operacións comerciais	0	0
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	0	0
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	9.618.864	10.058.540
II. Exceso de financiamento afectado	0	0
III. Saldos de dubidoso cobro	0	0
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	9.618.864	10.058.540

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2021	ESTIMADO 2022	PREVISIÓN 2023
Renovación de mobiliario e equipos e adquisición de aplicacións informáticas necesarias para o desenvolvemento da actividade	3.462	81.250	20.000
TOTAL	3.462	81.250	20.000

Estímase a incorporación de novos elementos e a reposición dos xa existentes para a mellora dos sistemas de información na sociedade, a materializar basicamente en aplicacións informáticas, execución de certas melloras na infraestrutura tecnolóxica do edificio que serve de sede, así como na adquisición de equipos para procesos de información.

Adquisicións de inmovilizado financeiro

Non se prevé a adquisición de inmovilizado financeiro

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Non se solicita para XESGALICIA axuda financeira con cargo aos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) ACTIVO NON CORRENTE		55	114	104
I. Inmobilizado intanxible		2	24	25
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de comercio				
5. Aplicacións informáticas		2	24	25
6. Outro inmobilizado intanxible				
II. Inmobilizado material		43	80	70
1. Terreos e construcións				
2. Instalacións técnicas, e outro inmobilizado material		43	80	70
3. Inmobilizado en curso e anticipos				
III. Inversións inmobiliarias				
1. Terreos				
2. Construcións				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Activos por imposto diferido		9	9	9
B) ACTIVO CORRENTE		9.850	10.360	10.996
I. Activos non correntes mantidos para a venda				
II. Existencias				
1. Comerciais				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Produtos en curso				
4. Produtos terminados				
5. Subprodutos, residuos e materias recuperados				
6. Anticipos a provedores				
III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		555	660	763
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios		554	660	763
4. Persoal				
5. Activos por imposto corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		1		
7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos				
IV. Inversións en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
V. Inversións financeiras a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Periodificacións a curto prazo		35	43	56

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023				
XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	9.260	9.657	10.177
	1. Tesourería		657	177
	2. Outros activos líquidos equivalentes	9.260	9.000	10.000
	TOTAL ACTIVO (A+B)	9.905	10.474	11.100

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE. PATRIMONIO NETO E PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) PATRIMONIO NETO		9.678	10.168	10.746
A.1) Fondos propios		9.678	10.168	10.746
I. Capital		300	300	300
1. Capital escriturado		300	300	300
2. (Capital non esixido)				
II. Prima de emisión				
III. Reservas		8.923	9.378	9.868
1. Legal e estatutarias		287	287	287
2. Outras reservas		8.636	9.091	9.581
IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)				
V. Resultados de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)				
VI. Outras aportacións de socios				
VII. Resultado do exercicio		455	490	578
VIII. (Dividendo a conta)				
IX. Outros instrumentos do patrimonio neto				
A.2) Axustes por cambios de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos				
B) PASIVO NON CORRENTE		30	30	30
I. Provisións a longo prazo		30	30	30
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal		30	30	30
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións				
II. Débedas a longo prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) PASIVO CORRENTE		197	275	324
I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda				
II. Provisións a curto prazo				
III. Débedas a curto prazo				
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acredores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
V. Acredores comerciais e outras contas a pagar		197	259	324
1. Provedores				
2. Provedores, empresas do grupo e asociadas				
3. Acredores varios		49	60	79
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)		25	25	25
5. Pasivos por imposto corrente		101	147	191
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		22	27	29
7. Anticipos clientes				
VI. Periodificacións a curto prazo			16	
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)		9.905	10.474	11.100

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	2.237	2.702	3.159
	a) Ventas			
	b) Prestacións de servizos	2.237	2.702	3.159
	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.			
	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos			
	Consumo de mercaderías			
	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
	Traballos realizados por outras empresas			
	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	2	52	20
	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	2	4	4
	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio		48	16
	6. Gastos de persoal	-1.102	-1.320	-1.398
	Soldos, salarios e asimilados	-857	-1.028	-1.083
	Cargas sociais	-245	-291	-315
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-617	-759	-982
	Servizos exteriores	-615	-744	-979
	Tributos	-3	-15	-3
	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais			
	Outros gastos de xestión corrente			
	8. Amortización do inmovilizado	-15	-23	-30
	Amortización do inmovilizado intanxible	-2	-6	-9
	Amortización do inmovilizado material	-13	-17	-20
	Amortización das inversións inmobiliarias			
	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.			
	10. Excesos de provisións			
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.			
	a) Deterioros e perdas			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	Do inmovilizado intanxible			
	Do inmovilizado material			
	Das inversións inmobiliarias			
	12. Diferencia negativa de combinacións de negocio			
	13. Outros resultados	102		
	Gastos excepcionais			
	Ingresos excepcionais	102		
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13)	606	653	770
	14. Ingresos financeiros	1		
	a) De participación en instrumentos do patrimonio			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	1		
	15. Gastos financeiros			
	a) Por débedas con empresas do grupo			
	b) Por débedas con terceiros.			
	c) Por actualización de provisións			
	16. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.			
	17. Diferencias de cambio			
	18. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros			
	19. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (14+15+16+17+18+19)	1		
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	607	654	770
	20. Imposto sobre beneficios	-152	-163	-193

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023				
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN				
XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO				
Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS.	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3+20)	455	490	578
	B) OPERACIÓNS INTERRUMPIDAS			
	21. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+21)	455	490	578

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario SPA.04

XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	607	654	770
2. Axustes no resultado	15	-26	13
a. Amortización do inmovilizado (+)	15	23	30
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións (-)		-48	-16
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-1		
h. Gastos financeiros (+)			
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	37	-87	-84
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	19	-105	-103
c. Outros activos correntes (+/-)	-7	-8	-13
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	25	26	33
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-167	-63	-160
a. Pagos de intereses (-)			
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	1		
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-168	-127	-161
e. Outros pagos/cobros (-/+)		64	
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	491	478	540
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-3	-81	-20
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible		-27	-10
c. Inmovilizado material	-3	-54	-10
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)			
a. Empresas do grupo e asociadas (concretar empresa)			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-3	-81	-20
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+) (desglosar suscritores)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (desglosar concedentes) (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro			
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (+)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

Formulario SPA.04

XESGALICIA, SOC.XEST.ENT. CAPITAL RISCO

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2021	ESTIMADO 2022	ORZAMENTO 2023
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (desglosar prestamista) (-)			
4. Outras débedas (desglosar prestamista) (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio			
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)			
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)	487	397	520
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	8.773	9.260	9.657
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	9.260	9.657	10.177

